


# O libro 'perdido' do éxodo republicano nos campos de concentración de Francia

**ARAMADOS. OS MEUS NOVE MESES POLOS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN DE FRANCIA** é a crónica ficcionada escrita en 1939 polo avogado, político e xornalista natural de Ordes (A Coruña) Manuel García Gerpe, mentres estaba confinado no campo de concentración francés de Septfonds. O seu testemuño sería publicado en Buenos Aires en 1941 pero nunca máis editado ata hoxe. Unha tradución ao galego de Miro Villar recupéranolo agora, nunha nova edición que inclúe imaxes orixinais dos internos nese campo de concentración.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO, 2020.- *Aramados* é un dos libros "perdidos" do exilio republicano galego e español. Escrito no campo de concentración francés de Septfonds durante 1939, o seu autor é MANUEL GARCÍA GERPE, avogado, político, xornalista e escritor galego natural de Ordes quen, en febreiro de 1939, xunto con miles de exiliados en condicións extremas, tivo que cruzar a fronteira francesa para confinarse en varios campos para refuxiados, entre eles, o de concentración de Septfonds, na rexión de Mediodía-Pireneos.

Despois de nove meses durísimos consegue axuda dende Buenos Aires e logra embarcar a finais de 1939. Na cidade porteña continúa a súa loita contra a ditadura. Unha das primeiras accións será publicar *Alambradas* (Editorial Celta, Buenos Aires, 1941) a crónica ficcionada dos seus nove meses no campo de concentración francés. Pouco máis tarde, afluído e enfermo, falece un 4 de xullo de 1949. Medio século despois, en 2019, o poeta, tradutor e profesor MIRO VILLAR (Cee, 1965) afronta a tradución de *Alambradas / Aramados*, unha crónica que rescatamos este 2020 e que non volvera ser editada dende 1941.

Dende Buenos Aires, escribe García Gerpe o 14 de abril de 1941: "Móveme e impúlsame tan só a dor dos meus compatriotas; que por ser deles é miña. Máis de 150.000 refuxiados españois, que levan dous anos longos de cativerio entre aramados, continúan hoxe, presos desta dor, flotando en toda clase de enfermidades,



Pp: 166. Formato 15 x 20 cms.  
ISBN 978-84-16460-83-0 PVP: 17,50 €

loitando coa morte, tan desafiuzados, tan afastados e esquecidos do mundo como nos primeiros días do noso martirio, cando aínda non se expandira aos catro ventos a inmensa dor dun pobo escravizado".

No Limiar, o tradutor, Miro Villar afirma: "Non oculta o autor o duro debate político entre os propios refuxiados, o que acontece no exterior e mesmo noutros campos, a través da correspondencia que reciben, ou a discusión política sobre os criterios á hora de escoller as persoas que poderán exiliarse nalgún dos barcos que se están a preparar, nun proceso cheo de dificultades (...) que revelan en ocasións a baixaza humana en situacións límite".

MANUEL GARCÍA GERPE nace en Ordes un 29 de abril de 1908. Licénciase en Dereito pola Universidade de Santiago en 1931 e durante a República participa activamente na vida política e social galega. Dirixe Izquierda Republicana na súa comarca de Ordes, e apoia a campaña a prol da Frente Popular que gañará as eleccións de febreiro de 1936. Nos días do Golpe de Estado de Franco, Gerpe pode salvar a vida por atoparse casualmente en Madrid. Involúcrase entón na resistencia e enrólase nas Milicias Populares. Loita en Madrid, Aragón e Catalunya. Ao final da guerra alcanzará o rango de Capitán do Corpo Xurídico Militar do Exército Republicano.

Contacto co tradutor Miro Villar: [mirovillar@gmail.com](mailto:mirovillar@gmail.com)

